



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS OITENTA E UN REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E NOVE DE XANEIRO DE DOUS MIL TRECE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do vinte e nove de xaneiro de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xosé Luís Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. Lidia Salgueiro Piñeiro, D^a. Alicia Martínez Blanco, D. José Angel Lodeiro Cancela, D^a. Celeste Nieto García, D^a. Angel Moldes Martínez, D. Juan Jose Rodríguez Grandal, D. Manuel Domínguez Alvarez, D. Alberto Villaverde Méndez, D^a. Consuelo Besada Lores e D. Gregorio L. Agís Gómez. Escusa a non asistencia á reunión a Concelleira D^a. M^a del Mar Villaverde Rosales e a Interventora Municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez e asiste como secretaria xeral do Concello, Paula E. Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3777.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 26 DE DECEMBRO DE 2012, NÚM. 480.- De conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta pola Secretaria presente na sesión da acta da sesión anterior correspondente ao día 26 de decembro de 2012 e non formulándose observación ningunha contra a mesma esta queda aprobada polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros.

3778.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria procédese a dar lectura ao estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: “3767.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE DE REVISIÓN DE PREZOS DA CONCESIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA R.S.U. E LIMPEZA VIARIA CESPA S.A. PARA O ANO 2012.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención e notificouse á empresa concesionaria do Servizo; 3768.- PERSOAL, PROPOSTA DE ACLARACIÓN ACORDO PLENARIO Nº 3729 DE DATA 25/09/2012 SOBRE RECOÑECIMENTO DUN COMPLEMENTO RETRIBUTIVO AO PERSOAL MUNICIPAL DURANTE A SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Persoal, Tesourería e Intervención Municipal; 3769.- CORRECCIÓN ERROS CÓDIGO TELEMÁTICO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra; 3770.- REGULARIZACIÓN DA CREACIÓN DOS FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra; 3771.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN E ROTULACIÓN DE VIAS EN CAMIÑO OS CHANS DO LUGAR DE ARIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado do mesmo ao Servizo de Estatística; 3772.- URBANISMO, EXP. 371/12, MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 3 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANXENXO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Urbanismo e notificouse ao Concello de Sanxenxo; 3773.- URBANISMO, EXP. 373/12, TRÁMITE DE AUDIENCIA E CONSULTAS EN RELACIÓN AO PLAN ESPECIAL DE ORDENACIÓN DO PORTO DE MARÍN E RÍA DE PONTEVEDRA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Urbanismo e notificouse á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas; 3774.- DAR CONTA INFORME SECRETARÍA EN RELACIÓN AO ACORDO DE APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN PUNTUAL PLAN ESPECIAL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao

Departamento de Urbanismo; 3775.- DAR CONTA INFORME SECRETARÍA PRÓRROGA CONTRATACIÓN LABORAL REDE CEMIT.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3776.- MOCIÓN CONXUNTA BNG E PSOE SOBRE O RECORTE ECONÓMICO NAS PENSÍONS DECRETADO POLO GOBERNO DO PP.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse ao Goberno Central, Xunta de Galicia e Presidencia do Parlamento de Galicia.”.

A corporación dáse por enterada.

3779.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía adoptadas desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos/as concelleiros/as xunto cos demais asuntos que conforman a orde do día; a corporación dáse por enterada.

3780.- INTERVENCIÓN, RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1/2013.- Dáse conta do expediente tramitado formulado pola Intervención e sometido a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 21 de xaneiro de 2013 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente e da Proposta da Alcaldía de data 9 de xaneiro de 2013 na que se propón o recoñecemento extrajudicial de crédito nº 1 do exercicio que consta de facturas que ascenden a un total de 683.801,37 euros e do informe de reparo da Intervención Municipal de data 9 de xaneiro de 2013.

A interventora municipal explica o contido do expediente indicando a necesidade de recoñecer extrajudicialmente créditos pola existencia de facturas correspondentes ao anterior exercicio 2012 as cales non foron obxecto de aprobación no mencionado exercicio en virtude da falta de crédito orzamentario.

O importe das facturas pendente de recoñecemento rexistradas no exercicio 2012 e correspondentes ao mencionado exercicio é de 938.014,29 euros e tendo en conta que as obras, servizos ou subministros obxecto das mencionadas facturas recibíronse de conformidade, se procede a propoñer a aprobación de parte das facturas correspondentes os capítulos II e IV do estado de gastos (as que posúen crédito suficiente no Orzamento prorrogado do exercicio 2012 vixente na actualidade) sendo estas as que se acompañan no anexo a esta providencia que ascenden a un total de 683.801,37 euros.

O resto de facturas pendentes de recoñecemento por falta de crédito correspondente ao exercicio 2012 deberá consignarse crédito no Orzamento a confeccionar para o exercicio 2013 ou ben mediante a realización da correspondente modificación orzamentaria co fin de poder proceder a efectuar un novo expediente de recoñecemento extrajudicial de créditos.

O Sr. Moldes Martínez pregunta se a día de hoxe existe unha cifra de facturas pendentes de pago.

A interventora municipal contéstalle dicindo que o importe total de facturas pendentes de recoñecemento a 31-12-2012 é de 938,014,29 euros e o total das facturas que se propoñen a aprobar é de 683,801,37 euros polo que quedarían 259,536,92 euros pendentes sen recoñecer.

O Sr. Moldes Martínez pregunta á interventora que no seu informe fai mención de que existen partidas agotadas no orzamento prorrogado.

A interventora contéstalle que ocorre ao aplicar facturas do exercicio anterior.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 2 votos en contra do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: 1º) Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe, de data 9 de xaneiro, motivado na existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación no seu exercicio orzamentario 2012 as cales figuran na relación que obra no expediente por importe de 683.801,37 euros 2º) Aprobar o recoñecemento extrajudicial dos créditos que figuran na relación que se xunta, que comprende un total de 515 facturas por importe total de 683.801,37 euros, correspondentes a facturas do exercicio 2012 e 3º) Aplicar con cargo ao orzamento prorrogado do exercicio 2012, vixente no exercicio 2013, os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponde nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito.”

Comeza a quenda de intervencións o Concelleiro Barreiro Lubián explicando o contido do expediente que se somete a consideración do Pleno e manifesta que se trata de facturas correspondentes ao ano 2012 que non tiñan crédito, motivado fundamentalmente á perda de ingresos da corporación en subvencións e outros ingresos da administración do estado e da comunidade autónoma. Son gastos que se efectuaron e hai que pagar aos provedores, esta situación de falta de

ingresos xa deriva de anos anteriores, e a pesar que se reduciron gastos existen estes que hai que pagar cos orzamentos do 2013.

O Sr. Moldes Martínez, voceiro do Grupo Municipal do PP expón que os provedores non son os culpables da crise e teñen dereito a cobrar polos servizos que prestaron ao concello, pero tamén hai que destacar que este grupo municipal ven reiterando desde anos anteriores que o Concello de Poio gasta máis do que ingresa, e a ninguén se lle escapa que este gasto aumenta nas vésperas de eleccións e entendemos que esta non é forma de proceder xa que se excede moitísimo o gasto das aplicacións. Hai gastos que pagar que non son xustificables, pedimos e non desde o punto de vista catastrofista que haxa unha mellor percepción de gasto é mala práctica.

O Sr. Martínez Blanco di que para todos os concellos a situación é mala derivada da falta de ingresos, pero tamén hai que destacar que cada vez máis os concellos e os veciños, teñen que soportar máis cargas a través da subida de impostos e gastos correntes que impón o estado e provocado polo IPC, como pode ser as referidas a subministración de electricidade e gas así como Imposto de Valor Engadido.

Este ano gastamos menos que o ano anterior pero o aumento do IVE fai temblar a calquera administración e tamén ás familias, aos que se lles soben os impostos indirectos.

E se a lei contempla estas medidas de recoñecemento de crédito de anos anteriores, son ferramentas que temos que utilizar, pero de todas as formas nos cremos que este concello ten planificación e non como outros concellos moi próximos ao noso.

A voceira do Grupo Municipal Socialista, a Sra. Besada Lores di que é verdade que se podería ter unha maior planificación de gasto así como prescindir doutros, dos que pide o PP pero nunca di, despois das veces que esta corporación lles pide que digan onde se pode reducir.

Nun concello, e ademais nun concello das dimensións do noso, sempre hai imprevistos e temos que dar servizos á veciñanza que reclaman, servizos que tamén solicita o PP a través dos rogos e preguntas, das comisións e do pleno.

Neste momento hai máis gastos e menos subvencións que se transforman en ingresos. Gustaríanos facer máis obras pero temos que pagar aos provedores e entendemos que é prioritario para que non creben.

O Sr. Barreiro Lubián di que efectivamente os culpables non son as empresas, e no ano 2009 non era previsible o problema e agora estamos nunha época de recesión e hai que facer axustes, non hai plan de saneamento económico que poida solucionar o problema e os axustes que hai que facer témolos que facer de forma moderada.

Neste concello sempre houbo recoñecementos extraxudiciais de cantidades máis pequenas e o PP sempre votou en contra. A débeda do Concello supónlle a cada veciño 600€ pero se a comparamos con outros niveis de administracións esta cantidades aumenta a 13000 €.

O Concello de Poio non incrementou a débeda sen embargo a administración autonómica duplicouna. Pódense facer axustes ou paralizar o Concello, debe ser o que quere o PP pero o equipo de goberno non, nos queremos seguir prestando servizos á veciñanza que os demandan.

O Sr. Moldes Martínez di que lle votan a culpa á subida de impostos, IPC.. pero o problema ven de atrás, cando antes estes gastos se afrontaban con endebedamento a través da concertación de préstamos pero agora non se poden endebedar por os niveis de endebedamento non o permites.

Pedímoslles autocrítica e ver que pode fallar a forma de gobernar e realizar gastos planificados e non facer cotiá as excepcións que permite a lei.

O Sr. Martínez Blanco di que este tipo de expedientes tramítanse desde hai moitos anos e ao mellor se todas as administracións o fixeran habería menos empresas pechadas. Outras fórmulas sería pasalas a débeda pública e pagalas a longo prazo. Tamén recordarlle as promesas electorais que fixeran ás empresas que non cobraran as súas facturas.

O Sr. Barreiro Lubián di que no ano 97 o PP falaba de crise catastrofista, estas manifestacións están feitas de forma consciente.

Estes gastos son para prestar servizos non para outra cousa e melloralos, a noso nivel é moi bo, pero a impresión que nos dá e que o PP sempre actúa con intereses partidistas e non pola veciñanza.

Se queredes pechamos as portas e a débeda amortizárase nun ano pero pensamos que esa é a solución, a situación non é boa pero non é para dar pánico.

Remata a quenda de intervencións o Sr. Alcalde manifestando que as facturas están aí por servizos prestados e estamos ao corrente co pago coas entidades subministradoras. A situación non é como hai tres anos pero estamos no camiño de rebaixar a débedas e realizar axustes, Nos non pensamos que a mellor opción sexa ter os cartos a render nos bancos.

Sometido á votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas esta quedou aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe, de data 9 de xaneiro, motivado na existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación no seu exercicio orzamentario 2012 as cales figuran na relación que obra no expediente por importe de 683.801,37 euros.

Segundo: Aprobar o recoñecemento extraxudicial dos créditos que figuran na relación que se xunta, que comprende un total de 515 facturas por importe total de 683.801,37 euros, correspondentes a facturas do exercicio 2012.

Terceiro: Aplicar con cargo ao orzamento prorrogado do exercicio 2012, vixente no exercicio 2013, os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponde nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito.

3781.- INTERVENCIÓN/TESOURERÍA, INFORME TRIMESTRAL DO CUMPRIMENTO DA LEI 5/2010, DO 5 DE XULLO, DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE 4º TRIMESTRE EXERCICIO 2012.- Dáse conta do expediente tramitado formulado pola Intervención e sometido a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 21 de xaneiro de 2013 e que di o que segue: “.- Dáse conta do informe de Intervención de data 10 de xaneiro de 2013 en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade.

Por parte da secretaria da comisión dáse conta do contido do expediente manifestando que se presenta en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, que entrou en vigor o día 7 de xullo de 2010: o apartado primeiro trata sobre a relación de facturas polas cales transcorreran mais de 3 meses da súa anotación no rexistro contable (tomando como data de inicio do cómputo de data a finalización do 4º trimestre a 31 de decembro), é dicir que fosen rexistradas antes do 1 de outubro de 2012, sen que se procedese ao recoñecemento das obrigas no día da data, infórmase que existen un total de 287 facturas pendentes de contabilizar por importe de 428.971,30 € e o segundo, sobre o cumprimento dos prazos de pago previstos na Lei.

En conclusión, segundo o informe que se xunta, as facturas aprobadas pero que se atopan a 31 de decembro de 2012 pendentes de abono por un prazo superior a 40 días (ata o día 21 de novembro de 2012), ascendían a 57 facturas a unha cantidade total de 395.526,79 euros, e as pendentes de pago dentro do prazo de pago de 40 días ascendían a 27 facturas e a unha cantidade total de 63.589,22 €.

Ademais os pagos realizados no cuarto trimestre do exercicio 2012 dentro do período legal de pago ascendían, a 31 de decembro de 2012, a un total de 275 facturas e a unha cantidade de 184.181,31 euros e os pagos realizados fóra do período legal de pago ascendían, a 31 de decembro, a un total de 470 facturas e a unha cantidade total de 750.724,65 euros.

Do informe deberá darse conta ao Pleno da Corporación así como aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela financeira da Entidade Local.

A Comisión dáse por enterada.”

A corporación dáse por enterada e por realizado o trámite, debéndose remitir o acordo aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela financeira da Entidade Local.

3782.- SECRETARÍA, ELECCIÓN XUIZ DE PAZ TITULAR DESTE MUNICIPIO DE POIO.- Dáse conta do expediente tramitado formulado pola Intervención e sometido a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 21 de xaneiro de 2013 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente, do escrito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 13 de decembro de 2012, na que nos comunica que tras aceptar a renuncia de D. Serafin Veiga Solla, do cargo de Xuíz de Paz Titular deste municipio de Poio, a partir do 1 de xaneiro de 2013, este Concello deberá comunicar ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia se inicia ou non expediente de elección de un novo Xuíz de Paz Titular e da Proposta da Alcaldía de data 7 de xaneiro de 2013.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou non iniciar expediente para a elección de Xuíz de Paz Titular e que se comunique este acordo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia co fin de que adiante o nomeamento.”

A Secretaria presente na sesión, a solicitude do voceiro do Grupo Municipal Popular o Sr. Moldes Martínez, explica o contido do expediente e a súa tramitación de conformidade coa lexislación prevista. Unha vez recibido o escrito deste concello polo que se acorda non iniciar expediente, o que desvincula ao concello á hora da elección, será o propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia quen proceda a súa elección cos requisitos regulamentarios.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación, polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros e de conformidade co establecido no artigo 101 da lei Orgánica do poder xudicial aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Non iniciar expediente para a elección de Xuíz de Paz Titular.

Segundo: Comunicar este acordo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia co fin de que adiante o nomeamento

3783.- MOCIÓN CONXUNTA DO BNG E PSOE PARA INSTAR AO GOBERNO ESTATAL A PRORROGAR O PROGRAMA PREPARA.- Dáse conta do expediente tramitado e sometido a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 21 de xaneiro de 2013.

Pola voceira do Grupo Municipal do BNG solicítase á retirada do expediente da orde do día, xa que non ten motivo a aprobación da moción xa que o goberno do estado anunciou a prórroga deste programa para o exercicio 2013; a corporación polo voto favorable dos membros presentes e de conformidade co establecido no artigo 92 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, acorda retirar o expediente da orde do día.

Neste momeno abandona o Salón de Sesións o Concelleiro D. Javier Domínguez Lino.

3784.- MOCIÓN CONXUNTA DO BNG E PSOE EN DEFENSA DO SERVIZO DE SALVAMENTO MARÍTIMO DA XUNTA DE GALICIA E DOS SEGUROS POR MAL TEMPO OU ACCIDENTES DO MAR.- Dáse conta do expediente tramitado e sometido a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 21 de xaneiro de 2013 e que di o que segue: “Dáse conta da moción presentada polos grupos municipais BNG e PSOE de data 15 de xaneiro de 2013 e data de entrada no Rexistro Xeral o día 15 de xaneiro de 2013 en defensa do servizo de salvamento marítimo da Xunta de Galicia e dos seguros por mal tempo ou accidentes do mar e que, tras unha ampla exposición de motivos, textualmente solicitan a adopción do seguinte acordo: “1.- Instar á Xunta de Galiza a: a) Derogar o Decreto 130/2012, do 31 de maio, para establecer, daquela, o carácter gratuíto e universal das operacións de salvamento marítimo que realicen unidades do Servizo de Gardacostas de Galiza.

b) Rescatar a venda dos helicópteros de salvamento marítimo "Pesca I" e "Pesca II", devolvéndoo á súa titularidade pública galega, e garantindo o cumprimento dos tempos de resposta establecidos (máximo de dez minutos) as 24 horas dos 365 días do ano, a través do sistema de gardas presenciais na base, coas tripulacións precisas para o cumprimento deste cometido legal.

c) Recuperar o "Seguro Colectivo de Accidentes no Mar" e o "Seguro do mal tempo".

d) Garantir o envío dun buque de apoio loxístico e asistencia sanitaria á frota pesqueira que se desprazará á vindeira campaña do bonito do 2013.

2.- Trasladar o presente acordo ao Parlamento de Galiza, grupos parlamentares e ás entidades do sector pesqueiro que operen no noso concello.”

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido da moción indicando que os recortes sociais, digamos, afectan de forma tan peculiar deixando a costa galega sen salvamento marítimo e pídese que se manteña a situación anterior.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Instar á Xunta de Galicia a:

a) Derrogar o Decreto 130/2012, do 31 de maio, para establecer, daquela, o carácter gratuíto e universal das operacións de salvamento marítimo que realicen unidades do Servizo de Gardacostas de Galiza.

b) Rescatar a venda dos helicópteros de salvamento marítimo "Pesca I" e "Pesca II", devolvéndooos á súa titularidade pública galega, e garantindo o cumprimento dos tempos de resposta establecidos (máximo de dez minutos) as 24 horas dos 365 días do ano, a través do sistema de gardas presenciais na base, coas tripulacións precisas para o cumprimento deste cometido legal.

c) Recuperar o "Seguro Colectivo de Accidentes no Mar" e o "Seguro do mal tempo".

d) Garantir o envío dun buque de apoio loxístico e asistencia sanitaria á frota pesqueira que se desprazará á vindeira campaña do bonito do 2013.

Segundo: Trasladar o presente acordo ao Parlamento de Galiza, grupos parlamentares e ás entidades do sector pesqueiro que operen no noso concello.

3785.- MOCIÓN CONXUNTA DO BNG, PSOE E PP SOBRE OS PROXECTOS PRIORITARIOS PARA O CONCELLO DE POIO.- Dáse conta do expediente tramitado e sometido a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 21 de xaneiro de 2013 e que di o que segue: “Dáse conta da moción presentada polos grupos municipais BNG, PSOE e PP de data 16 de xaneiro de 2013 e data de entrada no Rexistro Xeral o día 16 de xaneiro de 2013 sobre os proxectos prioritarios para o Concello de Poio e que, tras unha ampla exposición de motivos, textualmente solicitan a adopción do seguinte acordo: “ Instar á Xunta de Galiza a levar a cabo as seguintes actuacións no noso municipio:

- **Polígono de Fragamoreira**, dada a súa transcendencia como motor económico e impulsor da creación de emprego no noso municipio.

- **Urbanización e mellora da seguridade da PO-308**, vía que vertebra a comunicación viaria de Poio, e que ten graves deficiencias e carencias xa que se trata dunha estrada cun alto índice de siniestralidade.

- **A execución da mellora das zonas portuarias de Raxó e Covelo (Samieira)**, unha actuación comprometida pola Xunta de Galicia e que acumula anos de retraso no inicio das obras.”

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”

O Sr. Barreiro Lubián antes de comezar a votación da moción presentada felicita ao grupo municipal do PP por esta vez atender ás mocións tantas veces debatidas por esta corporación e que o equipo de goberno hai tempo que consideramos prioritarias, máis quere deixar constancia en acta de que se sinte ofendido pola postura adoptada por dito grupo municipal.

O sr. Ángel Moldes lamenta que o sr. Barreiro Lubián lle moleste que o Partido Popular tiña conciencia cara os veciños.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Instar á Xunta de Galicia a levar a cabo as seguintes actuacións no noso municipio:

- **Polígono de Fragamoreira**, dada a súa transcendencia como motor económico e impulsor da creación de emprego no noso municipio.
- **Urbanización e mellora da seguridade da PO-308**, vía que vertebra a comunicación viaria de Poio, e que ten graves deficiencias e carencias xa que se trata dunha estrada cun alto índice de siniestralidade.
- **A execución da mellora das zonas portuarias de Raxó e Covelo (Samieira)**, unha actuación comprometida pola Xunta de Galicia e que acumula anos de retraso no inicio das obras.

3786.- MOCIÓN CONXUNTA BNG-PSOE RELATIVA AOS FONDOS DO PLAN CONCERTADO E PROGRAMA DE TELEASISTENCIA.- Previa ratificación da inclusión do presente asunto na orde do día por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 5 votos en contra do PP e ningunha abstención por non ser ditaminada previamente por comisión informativa ningunha e de conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais pola secretaria presente na sesión dáse conta do texto da moción presentada que di o que segue: “O risco de exclusión social é cada día maior no noso país. O aumento do desemprego provocou un aumento do número de fogares sen ningún tipo de ingresos. A este proceso hai que engadir a consolidación da redución e o esgotamento das axudas de protección social, como a prestación por desemprego ou as rendas mínimas de inserción.

Efectivamente, a día de hoxe, os fogares españois con todos os seus membros en paro son 1.737.600. Xa hai un millón e medio de parados que non cobran prestación; e hai máis de 300 desafiuzamentos diarios. Un 21% da poboación en España vive por baixo do limiar de pobreza (INE 2012) e a infancia converteuse no colectivo máis afectado pola pobreza no noso país (2 millóns de nenos viven nesta situación).

Sen dúbida, a crise e os recortes están a afectar gravemente á cohesión social. A pobreza esténdese alcanzando tamén a clases medias subitamente empobrecidas; intensifícase porque hai máis pobres, e estes teñen menos que antes. E o peor é que ao non producirse ningún indicio de mellora esta situación está a facerse crónica.

A pesar desta dramática situación, o PP non só non foi capaz de articular unha resposta senón todo o contrario, desde o mesmo momento en que tomaron posesión o Goberno de Rajoy puxo en marcha unha política descontrolada de recortes e axustes que está a provocar o desmantelamento dos servizos públicos básicos, agravando aínda máis a situación de moitos cidadáns.

Así, os fondos para programas que xestiona o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para menores infractores e para menores en situación de dificultade social e malos tratos (2 millóns), o Plan de Acción para persoas con Discapacidade (1,3 millóns) e os fondos para a Teleasistencia (30 millóns) suprimíronse directamente dos Orzamentos Xerais do Estado. Outros programas, como o Plan Concertado, sufriron recortes brutais: 30 millóns de euros para 2013, o que supón unha diminución do 40% respecto de 2012 (entón destináronse ao redor de 50 millóns), e do 65% respecto do orzamento do 2011.

O Plan Concertado é un instrumento estatal fundamental para o desenvolvemento de prestacións básicas de servizos sociais. Co fin de manter e desenvolver unha Rede de Servizos Sociais de atención primaria, xestionada polas corporacións locais, así como apoiálas tanto no desenvolvemento das competencias que lle son atribuídas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local como nas respectivas leis autonómicas de servizos sociais, o Estado cofinancia proxectos que teñen os seguintes obxectivos:

1. Proporcionar á cidadanía servizos sociais adecuados que permitan a cobertura das súas necesidades básicas.
2. Dotar de apoio económico e asistencia técnica ás corporacións locais para o desenvolvemento das súas competencias.
3. Consolidar e ampliar a rede básica de servizos sociais municipais, para desenvolver as prestacións de servizos sociais de atención primaria, entre as que se atopan a axuda a domicilio e a teleasistencia, previstas no catálogo de servizos da “Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en situación de dependencia”.

Nos últimos días, coñecemos a través dos medios de comunicación que o Goberno central decidiu retirar totalmente a súa achega para financiar os servizos sociais dos concellos. Trátase dunha decisión que pon en perigo o

futuro dos servizos sociais municipais no momento en que as familias necesitan máis axuda, cando houbo un aumento enorme da demanda, un aumento da pobreza e dispáranse problemas sociais como os desafiuzamentos (as peticións de axuda por emerxencia social incrementáronse un 200%). Xusto neste momento, o Goberno de Rajoy abandona o Plan e deixa nunha situación moi difícil ás administracións locais e autonómicas para soste estes servizos básicos cando ademais se lles prohibiu endebedarse para cumprir o obxectivo de déficit.

Por iso, o grupos municipais do BNG e do PSOE solicitan do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.O Pleno da Corporación mostra o seu rexeitamento aos recortes realizados polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para sufragar a rede de Servizos Sociais Comunitarios no Orzamento de 2012 e de Orzamento de 2013.

2.Instar o Goberno de España a manter e soste un sistema público de servizos sociais de nivel primario que permita atender a toda a cidadanía e dar resposta á esixencia da Constitución Española de garantir unha serie de dereitos sociais e, por tanto, o exercicio da igualdade de oportunidades.

3.Esixer ao Goberno de España que repoña os fondos do Plan Concertado e do programa de Teleasistencia, como mínimo aos niveis de 2011, ademais dun compromiso financeiro estable para garantir a viabilidade dos servizos sociais básicos.

4.Dar traslado dos presentes acordos ao Presidente do Goberno, á Ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, ao Presidente da Comunidade Autónoma, aos/*as representantes dos axentes sociais e á Federación Española de Municipios e Provincias. ”

A voceira do Grupo Municipal do BNG, a Sra. Diaz Iglesias expón que presentan a moción como rexeitamento á redución das partidas en servizos sociais, de sete millóns de euros pasamos a 2 millóns e o servizo de teleasistencia desaparece e pasa a ser prestado polas deputacións provinciais. Nos cremos que non é o mellor marco para reducir estas prestacións, xa que coa actual crise as familias necesitan máis deste tipo de axudas e cremos que estas medidas axudan a empeorar as situacións persoais das familias afectadas. A Xunta derivou a atención ás deputacións provinciais naqueles concellos de menos de 20 mil habitantes duplicando gastos.

A voceira do Grupo Municipal Socialista, a Sra. Besada Lores manifesta que ao seu grupo lles parecen unhas medidas moi graves adoptadas polo goberno central. Trátase de supresión dos dereitos que cada vez son máis necesarios uns recortes que queremos que se deixen sen efecto e se respecten as cantidades do ano 2011.

O Sr. Moldes Martínez di que no caso do Plan Concertado quedou claro que os concellos de menos de 20 mil habitantes é asumido polas Deputacións, o número non baixa e non se vai solapar como facía antes. Os servizos vanse prestar igual.

A concelleira delegada de Benestar Social, a Sra, Salgueiro Piñeiro di que con respecto a teleasistencia que agora prestará a deputación, suporá que moitas veciños teñan que aboar algunha cantidade e teña que asumir parte, mentres que antes o servizo era gratuíto.

O concello de Poio está a asumir pagos e arrastrámos porque a Xunta non o pagou isto fai que a achega inicial do concello que se supón nun 20% se incremente ata un 70 ou máis.

O Sr. Agís Gómez manifesta que o único que se está a facer é dar cobertura a unha institución décimonónica como son as deputación en vez de suprimilas.

O Sr. Barreiro Lubián di que as deputacións non valen para nada soamente son útiles para quen goberna, no que se refire aos Servizos Sociais, a lei atribúe esta competencia ás comunidades autónomas pero pola contra os servizos

préstanos os concellos.

Estamos facendo trámites absurdos, sendo as deputacións intermediarias.

O Sr. Martínez Blanco di que cando falan de autogoberno referímonos tamén aos concellos para estar máis cerca da veciñanza. Pode ser que a percepción dos veciños de Poio da deputación sexa próxima porque a temos a dous pasos, pero non ocorre o mesmo se nos referimos aos concellos como As Neves, Porriño....pensamos que hai que dotar economicamente aos concellos sen pasar polas deputacións.

O Sr. Moldes Martínez manifesta que desde o PP apóstase por un goberno onde existan as deputacións, agora o BNG ten que dicir se quere as deputacións dentro da administración ou pola contra prefere e defende 14 comarcas ou non.

Remata a quenda de intervencións o Sr. Alcalde dicindo que na actualidade os servizos mancomunados funcionan ben pero de forma illada sen que isto supoña a fusión dos concellos. Nos cremos que cara o concello de Poio as competencias provinciais non son atendidas utilizan os fondos do estado e terían que vir directamente para os concellos.

Sometida a votación a moción presentada esta queda aprobada nos seus propios termos por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 5 votos en contra do PP e ningunha abstención.

MOCIÓNS URXENTES.- Preséntanse as seguintes:

3787.- ALCALDÍA, DESIGNACIÓN PERITO PARA FORMAR DA COMISIÓN DE DESLINDE DOS TERMOS MUNICIPAIS DE POIO E PONTEVEDRA CREADA EN SESIÓN PLENARIA DO 31 DE XULLO DE 2012.- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros e de conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta aos membros presentes na sesión da proposta da alcaldía de data 29 de xaneiro de 2013 na que se pon de manifesto que: “Con data 31 de xullo de 2012 acordo numero 3709, o Pleno do Concello en sesión ordinaria, de conformidade coa comunicación do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 002 polo que se dá traslado da providencia de 27 de abril de 2012, pola que se ordena a realización dos trámites conducentes ao deslinde da porción da finca divisoria entre os concellos de Pontevedra e Poio á que se refire a sentenza de 21 de decembro de 1995, e en desenvolvemento da previsión contemplada no artigo 13.1º de dito texto legal, os artigos 40 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia regulan o procedemento de demarcación, deslinde e amolloamento, procedía a designación política dos membros da comisión regulada no artigo 42.1º da referida lei.

Celebrada no día de hoxe a sesión constitutiva da comisión de deslinde, seguindo o acordo por ela adoptado ten do en conta a experiencia e coñecemento demostrado no curso do procedemento, esta Alcaldía eleva á consideración do pleno a seguinte proposta:

Primeiro: Designar como perito a D. Justino Guerra Arroyo para os efectos previstos no art. 42 da lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao interesado con indicación do recursos que procedan.”

O Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal acordou a aprobar a proposta formulada pola Alcaldía con data 29 de xaneiro de 2013 adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Designar como perito a D. Justino Guerra Arroyo para os efectos previstos no art. 42 da lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Segundo: Dar conta do presente acordo a D. Justino Guerra Arroyo on indicación de que contra o mesmo pódese, directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-

Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- NON SE PRODUCEN

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas e quince minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, secretaria xeral, dou fe.

Publicase, no taboleiro de anuncios deste Concello, o contido dos acordos adoptados nesta sesión, de conformidade co disposto no art. 229 do ROF e RXEL, para xeral coñecemento de tódolos interesados nos respectivos acordos, ós efectos de que poidan interpoñer, directamente e no prazo de dous meses, desde a publicación, contando a partir da exposición ao público no taboleiro de anuncios, o recurso Contencioso-Administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto no art. 58 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, en relación cos artigos 109 c) e Disposición Derrogatoria 2 c), da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; podendo interpor, pola súa conta, calquera outro recurso, que estime conveniente, entre eles o recurso de revisión ante o Concello, por erro de feito que resulte dos propios documentos incorporados ao expediente, de conformidade co artigo 118, da Lei 30/92; todo isto de conformidade co disposto no art. 58 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, en relación co art. 211 do ROF e RXEL.; podendo os interesados interpor calquera outro recurso que estimen conveniente.

Poio, 14 de febreiro de 2013
A secretaria xeral.

Paula Ramos Díaz